

Edita:

Comunidade de Montes en Man Común de Peitieiros

Fotografías:

Coleccións particulares

Revisión e asesoramento fotográfico:

Paula Pérez González

Deseño e maquetación:

Astropenta Medio Ambiente

Imprenta:

Feito S.L.

Colabora:

Concellalía de Cultura do Concello de Gondomar, La Caixa e Instituto de Estudos Miñoranos.

Depósito legal:

VG 1163-2010

Autorízase a reprodución dos textos sempre que se cite a autoría e procedencia

Moitas das fotos levaban tempo recollidas, mais a gaveta xa viña chea de humidade e de couza, por iso falamos de desempoar todo ese material, aumentalo, completalo e sacalo á luz para que o poidades ter nas vosas mans.

Que mellor agasallo que uns refachos de lembranza, a través destas fotos e dos escritos que as acompañan. Porque somos o que fomos e toda a veciñanza ten algo do que se recolle nese aire, que aínda pesado e quente, como se dunha vella máquina de vapor se tratara, tráenos do pasado o arrecendo dunha lareira, do esterco, do estrume ou do bagazo, e con eles, unhas vivencias que non sempre nos lembran algo fermoso mais, a pesar diso, nunca o rexeitamos por ser unha lembranza propia.

Tratamos de que participaran todas as persoas que o desexaran deixándonos un anaco da súa intimidade particular mediante a cesión do material fotográfico, fixemos un chamamento a moitas persoas de todas as idades e condicións, para que acompañaran unhas palabras as imaxes, moitas veces descoñecidas para eles mais que lles evocaron as súas propias lembranzas ou os seus anceios persoais.

Non sabemos se o resultado é o que queríamos ou podería ser mellor, mais é o que deu de si e, sentíndonos orgullosos pola nosa modesta achega, agradecemos sinceramente o esforzo de todos e todas as participantes.

A Xunta Rectora da Comunidade de Montes

Tes entre mans un pequeno tesouro, un anaco da historia de Gondomar e incluso de cada un de nós mesmos. Un percorrido fotográfico pola parroquia de Peitieiros que achega á nosa memoria recordos doutros tempos, tan próximos e afastados á vez.

“Lembranzas de Peitieiros” é unha viaxe no tempo para o goce dos nosos sentidos. Emerxen, páxina tras páxina, visións, sons, olores, sabores e incluso texturas que tan só esta clase de fotografías son capaces proporcionarnos. O pracer da contemplación serena destas páxinas contrasta coa crueza de moitas das historias que vemos nelas. Son os rostros da emigración, do sacrificio do traballo no campo, pero tamén da inocencia, da bondade e da ilusión. Nesta recompilación de imaxes tamén hai tempo para a esmorga, as celebracións, os rituais e as romarías que conforman a nosa tradición, o legado dos nosos avós e pais. En resumo, a vida, coas súas miserias e as súas grandezas.

Este traballo, tanto polo seu valor documental e histórico, como polo seu innegable factor emocional, é o mellor retrato dunha época. Unha memoria que temos que protexer e divulgar. Só o feito da súa publicación, así como o grande número de persoas implicadas neste proxecto, son a mellor mostra de que somos moitos os que estamos dispostos a facelo. A Concellería Cultura agradece o compromiso dos veciños e veciñas que traballaron na recuperación deste patrimonio, agora a disposición de todos e todas os gondomareños.

Tes entre mans un tesouro. Protéxeo.

Ignacio Troncoso Quintas
Concelleiro de Cultura

Ignacio Castelo Zamorano

Para alguén de fóra que enraíza nesta fermosa terra, o recordo da primeira visita supuxo unha grande satisfacción ao percorrer os seus enxebres barrios.

Tratei coas súas xentes e sentín unha cálida e sincera acollida.

Esta instantánea ben puidera reflectir tales sentimentos.

Coa serra do Galiñeiro de fondo vexo unha parte do barrio de Peroleira que hoxe, uns cantos anos máis tarde, podo apreciar no seu crecemento ao igual co resto da parroquia; que, no fondo, conserva o seu encanto natural.



Día de traballo na leira, comeza o abril, época de traballos duros, labranza, sementeira, mais antes de labrar a terra, había que preparar a leira, abrir os cortes, desfacer os terróns para que quedaran enterrados polo rego do arado, abonar a terra con estrume que se sacaba das cortes dos animais, logo de preparada, labrábase, e quedaban sucos que había que encher "repetar", a foto é a estampa da repeteira da leira, para proceder logo á sementeira, agardar a que o tempo acompañara e así poder recibir a colleita.

Tamén pode interpretarse a foto como un día de cava na leira, facíase a eivas, normalmente en parellas, podíase ser zurdo ou destro para que a eiva non rompese ao virala, onde este traballo o facía un só traballador chamábase un xornal, que deu paso a ser unha medida de superficie, e que era a que un traballador podía cavar nun día, hai escrituras antigas na que a superficie dos terreos expresábase en xornais, 1 xornal, 2 xornais, etc. estaba en torno a 124 metros cadrados.



Nesta imaxe podemos observar como un grupo de xente participa no tempo da vendima. No tempo da vendima reuníanse todos os familiares e veciñanza dos arredores para ir buscar as uvas. Ían rotándose de familia en familia ata rematar coa vendima de todos.

Era un traballo moi duro porque se facía todo a man, tanto apañar como esmagar, e había que estar atentos ao tempo. Unha vez apañadas as uvas da viña recollíanse nunha cesta de vimbio, que se facía na casa, e levábanas na cabeza. Mentres vendimaban cantaban as cantigas típicas do labor. Para esmagar utilizábanse unhas pipas moi grandes de madeira, deixábase fermentar e pasados uns doce días tirábase o viño das pipas cunha cana pequena con buratos polos dous lados e pasábase a outra pipa de madeira, pechada e cunha zapa enriba para poder meter o viño e un suspiro pequeno para que saída o aire.

Para que as pipas non tiveran fugas derretíase graxa animal, sebo, e untábase toda a pipa por dentro, ao secar pechaba as xuntas e xa estaba lista para meter o viño. As mulleres eran as que máis traballaban porque eran as que tiñan que limpar a casa, facer a comida, coidar aos fillos e tamén, traballar no campo.

Antes da vendima, o traballo da viña era custoso pois había que sulfatar para evitar que a viña collera enfermidades. O sulfato era de pedra e para facerse púñase a remollo nunha cunca con auga durante uns día, e o mesmo día que se sulfataba mesturábase con cal e levábase nunhas cabazas parecidas a botellas cunha corda no pescozo para poder erguelas. Dábase cada oito días e despois cada quince. Logo cando a uva medra había que esfollar a viña para darlle entrada ao sol e que a uva collera cor.

Era unha vida dura, moi castigada mais moi familiar e amistosa.



Alvaro Lores Frade

Vexo na foto un grupo de persoas que paran de facer o traballo, un bardeiro, para pousar e saír na foto, e semellan alegres, deduzo que gustan do que fan, séntense importantes. Pero se vexo mais aló vexo un traballo comunitario, un traballo feito entre varios posiblemente para beneficio dun, que se converterá nun traballo para beneficio de todos xa que de certo o beneficiario noutro momento realizara para os outros o mesmo traballo ou calquera outro que precisen.

Vexo un traballo feito de forma intelixente: cada un ten unha función e ocupa un lugar. Vexo tamén mozos e non tan mozos traballando xuntos de xeito que os novos van aprendendo o traballo e vanse integrando na sociedade, na colectividade. Vexo un traballo agro-gandeiro relacionado directamente coa natureza, de aproveitamento de recursos naturais. Vexo en fin os mesmos valores presentes na Comunidade de Montes: traballo relacionado directamente coa natureza, en común, onde cada un cede do seu para o beneficio dos demais e onde cada un aporta o que sabe e o seu traballo en beneficio da Comunidade.

Eu que veño doutra parroquia, doutra vila, lembro que cando era novo as cousas por alí tamén se facían así. E vin bardeiros noutras parroquias, o que me leva a pensar que seguro que as cousas se facían así no resto do país. E penso que pertenzo e quero pertencer a esta parroquia na que me atopo a gusto. Mais ao mesmo tempo pertenzo a unha irmandade maior, coas mesmas características que as da parroquia, unha irmandade que ao longo do tempo construíu un país, un xeito de facer as cousas, unha cultura e lingua, preciosos e únicos no universo, feitos a medida para nós. Un país ao que quero pertencer, do que me sinto orgulloso, e traballo día a día para que teña futuro para min e para os que veñen detrás, porque o legado que nos cederon os maiores e o seu traballo de anos non pode ser en balde.

Esta foto entrou en min polos ollos e chegoume o corazón. E dende aí foi de onde, deixándome levar do sentimento, escribín este texto.



Chaveli Pérez Martínez

Un dos costumes moi arraigados na nosa terra é a matanza do porco. Nuns tempos cheos de fame e miserias, o sustento acadábase do duro traballo no campo e da cría e sacrificio de animais.

Antes de meterse nos duros invernos, que daquela nos acompañaban, era necesario encher as despensas de comida e a matanza do porco supuña, ademais de alimento e fartura, un momento de reunión para gozar xuntos veciños e familiares.

O día comezaba co sacrificio do animal e para tal tarefa sempre se reunían os homes da casa, algúns con experiencia e outros, máis cativos, intentando aprender o oficio para vindeiros anos. Berros e ordres sempre se mesturaban nos momentos de maior tensión. As mulleres sempre na cociña preparando enseres e mantendo a cociña de ferro ben quente. Unha das súas funcións principais era recoller o sangue para facer despois as famosas e saborosas filloas. Morto o animal, chegaba o momento de chamuscalo con fentos recollidos do monte e iso si, cortar o rabo para comelo ben quentiño. Despois había que baleiralo e colgalo na adega a escuras e lonxe de animais.

A hora do xantar todos xuntos na mesa era un festa, comentando a faena, comendo o figado encebolado e preparando a remesa de filloas, ou marruchos, que se ían facer ao longo dos sucesivos días. Cando o día ía rematando e xa todo íase recollendo, chegaba o momento de lavar as tripas do porco. Daquela, todo se aproveitaba e os chourizos eran, e son, un manxar moi apreciado. As mulleres eran as encargadas de facelo, ían ao regato ou fonte máis preto que tiñan e púñanse mans á obra, tarefa que requiría tempo e habilidade nos días fríos.

Co paso do tempo e co cambio de vida, moitos destes costumes fóronse esquecendo e mesmo perdendo, sendo meros relatos que de vez en cando escoitamos da melancólica voz dos nosos maiores. Cómpre mantelos vivos porque forman parte da nosa cultura e raíces, as cales nos acompañarán ao longo da nosa vida.



Bernardo Rodríguez e Candita Freiría

Na matanza do porco había moitos traballos por facer pero tamén era una festa na que se reunía a familia máis os veciños. A data había que falala cos veciños para poder facer cada fin de semana a matanza nunha casa, dado que nos xuntabamos coa familia de Manolo e Ester e coa familia dos Barreiro. Na semana da matanza había que facer moitos traballos: mercar o sal e limpar o salgadoiro, mercar os preparos para facer as filloas e ir ao monte buscar fento para queimar o porco.

O porco matábase o sábado pola tarde. Viñan os veciños a axudar a agarralo, tarefa moi custosa, dado que algún ano, o porco escapou e meteuse dentro do lavadeiro. No momento en que se mataba, Candita levaba un caldeiro cunha cebola para recoller a sangue para as filloas. Despois, o porco chamuscábase no fento. Unha vez estaba ben chamuscado levábase na padiola e unha persoa que soubese do tema, no noso caso Jesús do Barreiro ou despois Óscar, abrían o porco e cortábano, momento no que se collía a vexiga e Bernardo a enchía con aire para podela utilizar o luns pola tarde. Nese momento entraban en acción as mans das mulleres que comezan lavar as tripas para facer os chourizos e as chourizas. Tamén se recolle o fígado que se comerá encebollado cun pouco de pemento e viño esa mesma tarde. Unha vez o porco está cortado cólgase para que lle escorra todo o sangue.

Na mañá do domingo comézase facer un gran cocido no que se xuntará a familia de Bernardo, de Manolo e Ester e os dos Barreiro. É unha comida moi amena e divertida na que os veciños falabamos e comiamos. Na tarde xogábase as cartas mentres na planchuela Ester e Candita ían facendo as filloas e os demais iámolos comendo con azucre e canela.

Pola noite volvíase comer un cocido pero desta vez botábaselle un rustrido de cebola e pementón. O luns seguía sendo un día moi traballoso. Picábase a carne para facer a zorza, apartábanse os anacos para facer os roxóns, e a graxa que lle saía dos roxóns gardábase na vexiga do porco para utilizar como o aceite. Despois dunha semana de repouso da zorza o domingo enchíanse os chourizos e púñanse a afumar e dábbase por finalizada a matanza do porco na nosa casa.



Brais e Arón Misa García

Calquera que hoxe en día transite por este camiño, xa asfaltado, en dirección ao lugar de A Rúa, non pensará en que certo día unha representación da parroquia se deixase as súas mans o seu suor na apertura do mesmo.

Cantos anos soportaron as súas pedras o tránsito de carros, animais, persoas, así como algún automóbil pioneiro na parroquia, ata que grazas á industrialización púidose mellorar o seu firme rematando así unha grande labor que comezaron estes veciños.

Contemplando esta instantánea, moitas persoas lembrarán non só dos protagonistas da mesma, que xa non están e que contribuíron na realización deste camiño, senón que tamén do ambiente que se formaba arredor destes eventos nos cales as xentes da parroquia saían das súas casas coas ferramentas que tiñan a man para axudar en calquera momento.

Esta circunstancia é algo que actualmente moita xente bota en falta, debido ao ritmo de vida da veciñanza da parroquia, xa que tal e como nos contaban os nosos avós, antes, para facer calquera tipo de evento que contribuíse na mellora da parroquia, xuntábanse a veciñanza coas súas familias co fin de que estes fosen máis levadeiros; falando, contándose as historias, anécdotas e demais faladurías que circulaban pola parroquia e os seus arredores.



Alá polo ano 1963 os traballos facíanse entre todos, eran públicos, xa que por parte do concello non se facía nada. Como había necesidade de lavadoiros para lavar a roupa, un grupo de veciños de cada barrio uníronse e montaron varios.

Pedíronselle os materiais ao concello e a man de obra puxérona eses veciños, todo se fixo dun xeito moi rústico, como pode apreciarse na fotografía, a man, a pico e pala, subindo o formigón en cubos, co que había.

Mais agora perderon a súa función e están case abandonados, unha mágoa por aquel esforzo. Nesa lembranza este mesmo lavadoiro de Chans, da foto, foi recentemente recuperado, limpo e adecentado.



Mirando para elas, percíbese a tensión: a seriedade dos rostros, a rixidez da postura, a roupa impecábel, o mandil immaculado, a mirada fixa no obxectivo da cámara. Porén, a fotografía só alcanza a conxelar un intre excepcional nas súas vidas e ofrecer unha lembranza dos seus días no obradoiro de costura.


As mulleres máis vellas, experimentadas na arte feminina de coser, exercen de mestras. Mentres, as máis novas, pensando no seu enxoval ou, se cadra, ansiosas por dominar un oficio que lles abra un chisco as portas da liberdade, esméranse na tarefa de aprender os segredos da costura. Pero como captar, coa linguaxe limitada dunha foto, a atmosfera daquelas longas tardes de xuntanza?. De tantas horas compartidas de conversas e risas, de tantas confidencias e consellos que se intercambian mentres as mans incansábeis cortan o pano, ganduxan, remallan e pasan o ferro, e a vella Singer xira e xira baixo a destra dirección da modista.

Eses momentos fican vedados á nosa mirada, gardados celosamente tras a pose solemne das súas protagonistas.



24 ... **e**a natureza acolleu por un día –unha xornada enteira ou unha tarde de bo tempo- o mellor tesouro de cada casa da nosa parroquia.

Hoxe cambiaron as aulas pola foto de familia. O profesorado como continuación do alumnado e o alumnado continuador de si mesmo. As nenas e os nenos xuntos por un día en horario escolar. A natureza propoñendo a perspectiva. A Gándara poñéndolle nome á ocasión.



“**C**allados y viendo para delante!”- Ordena o mestre-, intre no que o fotógrafo fita os rostros dunha ilusión infantil truncada .

Unha instantánea, onde queda perpetua a imaxe dos cativos e de Don Castor, o mestre, inculcador de aprendizaxes memorísticas moi severas, pero moi propias daquela época.

Unha lembranza, non só para os vellos de aquí, senón tamén para os que un día víronse na obriga de cruzar o charco e dicir adeus as súas raíces.

Unha imaxe, que fai pensar como a sociedade xunto coas novas tecnoloxías deron un xiro completo á educación, e como non, ao uso da nosa lingua. Porque...que lingua empregarían estes nenos mentres xogaban ao pateiro ou ían de camiño ao monte coas vacas? E as nenas, mentres xogaban a ser nais dos seus propios monecos confeccionados cos carozos da eira e as follas das árbores?.

Velaí que as paredes húmidas do baixo da casa do Barreiro, e da casa vella do Torres, onde Dona Pilar e Don Castor impartían as súas clases maxistras, convértense en testemuña doutros tempos.



Hoxe Pablo atopou o conto que eu lía cando era pequena. Un caderno cativo, sen tapa e cheo de po que narra a historia de dúas nenas no comezo da súa época na escola. Quedou abraiado co que alí se contaba, pois nunca pensou que ser un rapaz fai cincuenta anos fora tan diferente a como vive el hoxe. Explicábame que non entendía por que nenas e nenos ían a colexios diferentes, nin por que non había clases para as diferentes idades. Eu intenteille aclarar que por aquel entón as cousas non eran tan doadas como agora, tiñase outro pensamento, outras normas, outra educación, que privaban a nenos e maiores destes luxos dos que presumimos agora. Seguía intrigado e non paraba de facerme preguntas, polo que decidín contarlle a miña propia historia.

Eramos moitos irmás e tiñamos que traballar na casa e no campo dende ben pequenos, xa que non dispuñamos doutros recursos e os salarios eran moi baixos. Esa colaboración que se nos esixía na casa obrigábanos a ter que coidar dos irmáns pequenos ou levar as vacas ó monte, polo que faltar á escola era moi habitual. As clases eran pola mañá e algúns meses as tiñámolas polas tardes tamén, mais no pouco tempo que nos quedaba as nenas faciamos monecas de trapo, os rapaces divertíanse co balón ou todos xuntos xogabamos ao pateiro. De súpeto lembreime que tiña fotos gardadas no faiado; entre todas as que había, atopamos unha na que saía eu con nove anos na escola de Peitieiros, aquela que estaba no baixo da casa dos do Barreiro. Dona Pilar era a nosa profesora, a encargada de ensinarnos a ler, a escribir e a facer sumas coa axuda dun encerado de lousa. Nós tiñamos que mercar o libro Manuscrito para ler, o de matemáticas para as sumas e a pluma para facer o dictado todos os días. Alí pasabamos todas as mañás ata a unha da tarde, facendo un pequeno descanso onde aproveitabamos para xogar e falar cas amigas. As escolas de antes intentaban proporcionarnos os saberes básicos, ata unha certa idade; a partir dos trece ou catorce anos abandonabamos o aprendizaxe pero non a axuda no fogar, xa que, atopando un traballo, debiamos seguir contribuindo, non tanto de forma manual senón de forma material.

Os tempos cambiaron e seguirán cambiando, pero as fotos fan que non nos esquezamos daquelo polo que algunha vez pasamos.



Este grupiño de nenas (Marita, Esther do Barreiro, Teresa do Río, Carmen do Carrera, Blanca do Xesteira, ...), tan ben colocadas e todas peiteadas, pousan para a foto diante da porta da Igrexa de Peitieiros coa súa mestra Dona Pilar. Lembro a esta muller con nostalxia e gárdolle un grandísimo agarimo pois ela foi a que me aprendeu a ler e escribir nos meus primeiros anos na escola.

Lémbroa de mediana estatura, fraca, con ollos pizpiretos, os beizos pintados de encarnado e o seu colar de perlas. As súas clases eran un tanto severas, caracterizándose por ser moi ordenada e con moita rectitude.

Aquel baixo na casa do Barreiro era o lugar de aprendizaxe, xa que como non había escola, o Concello pagáballe aos donos o aluguer para poder impartir a ensinanza aos nenos e nenas entre os 5 e os 14 anos.

Eu era a máis pequena e lembro como as maiores escribían nos seus pizarríns, e cando remataban as tarefas Dona Pilar dicíalles: - “Vaille aprender a ler a Gelinitas”.



O xogo dos bolos é unha antiga modalidade deportiva que xa se xogaba por aquí hai 200 anos. Na zona do Val Miñor é onde se conserva con toda a súa pureza ancestral a práctica deste deporte, aínda que tamén se practica no Baixo Miño, O Rosal en Pontevedra, Viana do Bolo en Ourense, entre outros, pero con menos intensidade, chegando mesmo ata Buenos Aires e Montevideo a través da emigración.

É a partir de 1990 cando se rexistran equipos e xogadores na Federación Galega de Bolos e se establece un regulamento.

Este xogo segue a practicarse hoxe en día igual que naquel tempo. Centrándonos na parroquia, aló polos anos 70, aproximadamente, xogábase aos bolos na Bastida, en Peroleira os domingos pola tarde, sorteando galos ou coellos, tamén se xogaba no Adro da Igrexa, este era un lugar que se empregaba en moitas zonas, pois eran os lugares máis coidados e céntricos, e onde se organizaban romarías, festas.. . Aquí xa se pasou a sortear, ademais dos galos ou coellos, un carneiro dúas ou tres veces na tempada.

Posteriormente pasou a xogarse no terreo da Comunidade de Montes, fronte ao colexio durante 3 ou 4 anos. A día de hoxe, o xogo dos bolos atópase no barrio de Piñeiro. "Debemos reforzar práctica diaria deste xogo con apoio e interese, sen dúbida, o futuro dos bolos está nas nosas mans, na nosa acción diaria."

O texto completo pode lerse na páxina 107.



Aurora Pérez Lorenzo

A primeira xuntanza dos equinos foi organizada polo meu proxenitor Vicente Pérez Domínguez coa axuda do por aquel entón seu socio, coa merca de mais animais. Buscaron un lugar con unha maior capacidade para levar a cabo as tarefas da xuntanza, rapa e marca, sendo o lugar elixido a "CORTE DO PETO", no lugar do Monte da Area, onde aínda hoxe se conserva parte da súa estrutura.

O certo é que meu pai sempre era partidario de buscar algún lugar máis adentrado no monte para facilitar a xuntanza e condución dos cabalos, e ao mesmo tempo con acceso para que as familias, amizades e veciñanza puidesen achegarse á celebración da festa. Finalmente o lugar elixido foi "A PRESINA" tamén chamada "VEIGA VELLA" no monte de Peitieiros. Alí acudían cada ano no segundo domingo do mes de xuño, se o tempo llo permitía, para a súa celebración. Lembro ese día coa nostalxia deses tempos...

O curro seguiu celebrando durante varios anos no mesmo escenario. Coa entrada anos mais tarde dunha maioría de gandeiros de fóra da parroquia, decidiuse cambiálo de emprazamento sendo elixido o lugar que hoxe o alberga na parroquia de Morgadáns, ala a mediados dos anos sesenta.

O que si teno presente aínda hoxe, son as cartas onde meu pai amosándome a súa tristura por levar o curro fóra da parroquia, se ben é certo que naquel momento o maior número dos gandeiros da parroquia veciña pesaba mais, non lle quedando outra que aceptar aquela decisión. Esta e a razón de que aínda hoxe se lle chama o CURRO DE PEITIEIROS.

Texto completo pode lerse na páxina 102.



Carmen Costas e Margarita Misa

Hai trinta anos, na época dos curros, os homes durante varios días ían ao monte para xuntar o gando e telo o máis preto posible do recinto do curro.

No día propio, os donos dos animais, ían moi cedo para o monte mentres as mulleres preparaban provisións para a hora de xantar. Eran elas as encargadas de levar os alimentos para logo poder xantar no monte. Xuntábanse varias familias ou veciños, e os seus fillos, con grandes cestas de vimbio, cadradas, de asas e cunha tapa, cheas de pan de millo, chourizos do porco da casa, empanadas que sabían a gloria e sobre todo que non faltase o garrafón de vino. Púñanse dacordo e todos xuntos subían cargados dende as súas casas, pasaban polos camiños e logo subían por carreiros polo monte arriba, ata chegar ao curro. Algunha que outra vez tiveron que subir a chover, pero se a choiva era moi forte, xa non había curro.

Cando xa estaban arriba, agardaban aos homes que viñan cos cabalos, despois de atopar un sitio cómodo para xantar. Naqueles tempos había máis gando có que hai hoxe. Comían, bebían e descansaban para despois ir coller cada un o seu animal e marcalo. Unha vez que os animais estivesen marcados, os homes coas súas familias marchaban do curro ata o próximo ano.



38

Unidos para sempre, antes do xantar. Un día radiante para sentar na herba. Chourizo, queixo, empanada de zorza aínda quentiña, tortilla, froita, pan e viño, café de pota e algunhas lambetadas. Comer e beber, parolar, xogar e rir. Á tardiña recollerán todo, con moito vagar, envurullándose no luscofusco do solpor. E, xa de volta á casa, riscarán nas estrelas o tracexar do seu camiño.



Rodrigo Varela Rodríguez

Por entón, cando acababamos de asomarnos á mocidade, aínda que a tiro de pedra, ou carreira de can da adolescencia, naqueles días que nos fuxiron de entre os dedos das mans como a auga de Chans ou da Freixa cando íamos refrescarnos dos calores do verán, sen decatarnos, por entón, chiños, Peitieiros era outro mundo; como agora nós xa non somos os que eramos e tampouco nos parecemos aos de entón, este Peitieiros é a aquel xa só nostalgia e vellas fotos. Deixamos atrás os pitillos de barbela liada en papel de faro, aínda que o faro non fora El Faro, como lembrades, como deixamos atrás a sempre vixiante mirada de don Manuel Cabaleiro, moi señor abade noso, cuxo campaneiro favorito aparece na imaxe coa mesma cara de felicidade que puña ao repicar en honor da Virxe dos Milagres, devotos e devotas cando se pasaba a bandexa e elas estreaban roupa e sorrisos e sabe Deus que complicidades.

Que bonito era asomarse a aquela xanela da xuventude, co mundo ao alcance dos soños de cada un e apertándose e apoiándose na amizade como os vellos (xa non quedan “tíos”, cando tantos había na parroquia), como os vellos, digo, amparábanse nos seus bastóns mentres os domingos, ao saír de misa, falaban de outros tempos. Agora, irmáns, contádelles aos vosos netos cómo eran as denosiñas que non se deixaban ver pero que estaban aí, ou fálalles das esfolgadas y de cales eran as mellores gallas para os tirapedras e non esquezades explicarlles cómo poucos anos antes da foto íamos buscar o fío dos foguetes recen estralados para preparar o cordel das cometas do outono. Iso: decídelles aos que veñen detrás que o noso mundo foi todo un mundo e que se chamaba Peitieiros. Xa sei, como agora.



O adro, como o torreiro, é o paradigma do lugar público na parroquia. De seguro que o *atrium* é moi anterior ao templo, xa que antes da edificación xa existía a xente, cos seus problemas, coas súas necesidades de comunicación e de relación social, polo que, alí onde as xentes se reunían un serán para gozar coa música ou tomar una decisión, alí trepaban un eido para convertelo en adro.

Moitas veces este punto cardinal da nosa parroquia é usado como lugar de encontro ou cita con alguén que chega de fóra por primeira vez, é por iso que hai momentos de espera que se converten en momentos de reflexión. Nese escenario, o Monte Galiñeiro preside o fondo do noso cadro particular, polo leste a Serra semella un pano recollido a piques de caer. O sur está retido pola verde muralla dos plataneiros centenarios. No fondo, o frontal do templo engade misterio á escena coa súa porta de orixe perdida no inicio dos tempos, cando aínda os animais sabían falar, en contraste coa súa moderna torre. O tímpano representa os santos que semellan tocar una melodía gaiteira acompañada das pandereteiras ao compás de calquera interpretación do alumnado de Secundino. Xa no punto cardinal en que morre o día o cemiterio marca o camiño a onde moitos levarán os seus ósos, o máis tarde posíbel. Eu non, grazas.

Lugar de alegrías e tristezas mil veces andado, o adro non é un lugar solitario. Neses momentos de soidade, de reflexión, na espera de algo ou de alguén, séntese o acompañamento de todos eses meducos de palla, como soldados en formación, como brisa intanxible nunha quintana de mortos, mais coa sabedoría que deixou a suor daqueles que por el pasaron durante milleiros de anos e que aínda o chan rezuma.

Cando chego a unha aldea, nova para min, o primeiro que fago é visitar o adro, igual que din que a cara é espello da alma, o adro é a cara do pobo.



Fernando Cerezo García

Se tivesemos de buscar un título para estas poucas palabras, penso que o máis adecuado sería: unha historia de pedras vivas

Nas primeiras décadas do século XX tivo lugar unha galerna que destrizou a parte frontal da igrexa. Foi realmente un acontecemento para non esquecer.


Eran tempos de D. Manuel Cabaleiro Martínez, que estivo nesta freguesía dende o ano 1932 ata o ano 1978 como párroco, e tocáballe asumir os labores de restauración.

Contan que o primeiro que fixo foi ir a Tui para falar co Sr. Bispo, que con boas palabras díxolle que non había cartos e por tanto el só debería afrontar as cousas. Saíndo das dependencias do propio bispado, botou a man o peto da súa sotana, e atopou o diñeiro exacto para comprar un décimo da lotería. Ao mesmo tempo no seu interior fixo oración pedindo de que lle "tocara".

E así foi, mais coa grande fortuna de que lles tocou máis do que necesitaban. Digo "lles", pois a fortuna divina non recaeu só para el, senón que o agasallo foi para todos, unha dedada de mel para todos.

Grazas D. Manuel, que Deus llo teña pagado, ao igual que a toda a xente que, sufrindo os danos da galerna, souberon erguer dos escombros unha obra agradable a Noso Señor. Deus sexa bendito.

O texto completo pode lerse na páxina 96.



Laurentina e Dolores Gesteira

O señor abade chegou a Peitieiros en marzo do 1932 e quedou na parroquia ata que finou en novembro de 1980. Xubilárase no ano 1978.

Nos corenta e seis anos que foi párroco marcou a súa impronta na parroquia pois tiña moitísimo carácter e non consentía que se desviasen do camiño que el pensaba correcto, se iso pasaba enderezaba aos tortos a paos.

Deu moito á parroquia. Lémbrome de doazóns materiais: reconstruíu o campanario da igrexa, que tirara unha galerna, cos cartos que lle tocaran na lotería. Mercou un terreo co seu diñeiro e cedeuno para a construción da escola das nenas (actual sede do C.R.A.). Xogaba a lotería no Nadal e repartía participacións aos fregueses. A segunda vez que lle tocou a lotería, co mesmo número da outra vez, que era o que xogaba sempre, abriulle unha conta a cada un dos nenos do Catecismo ao seu nome para que tiveran cartos de seu.

Lembro tamén da música que puña polas tardes coa megafonía que instalara na igrexa: panxoliñas no Nadal, música sacra en semana santa e música do seu gusto o resto do ano incluso chistes de Xan das Canicas que lle gustaban moito.

Quixo darlle promoción ás festas da parroquia e impulsou a colleita de froitos de campo para engalanar o carro de S. Miguel. En Fátima organizou unha procesión ata o cruce da estrada de Couso que se adornaba con arcos e porterías. Gustáranos ou non o señor abade, marcou unha etapa de Peitieiros e deberíamos telo na lembranza.



Carlos Silva Mariño

O 18 de xaneiro do ano 1970 tivo lugar na igrexa de San Miguel de Peitieiros o casamento de Manuel Domínguez Domínguez e Esther Pérez Martínez, sendo padriños da voda Ángel e Irene Cerzón e sendo oficiada a cerimonia polo cura de Couso, dado que o párroco de Peitieiros, atopábase enfermo naquelas datas. Á voda asistiron 140 invitados e unha vez rematado o acto relixioso trasladáronse ao restaurante Casa Soleiro de Mañufe para celebrar o convite que deron ata ben entrada a tarde noite.

Daquelas o Soleiro e casa Valente eran os sitios máis populares para celebrar este tipo de acontecementos, naqueles intres aínda era moi frecuente celebrar os banquetes das vodas na casa da noiva como marcaba a tradición. Aquí quixera lembrar a Rosa do Cacholas, a nai de Bernardo, e de Rodrigo Vargas, o carteiro, pois era frecuente que foran os cociñeiros cando se facía o banquete na casa.

Naquelas datas aínda non chegaban os coches aos Muiños Novos (casa da noiva) xa que a estrada non estaba feita e os noivos tiñan unha grande preocupación pois o día anterior á voda estivera un día de temporal tremendo, mais por sorte o domingo da voda estivo como se fose de verán, cun sol radiante a pesar de estar no mes de xaneiro. Como anécdota a comentar que cando rematou a festa, os noivos foron de viaxe de lúa de mel á cidade de Vigo (como cambiaron os tempos), hoxe estaríamos a falar de países exóticos mais daquela eran outros momentos máis difíciles.

Para rematar, a última referencia á foto dos convidados á voda, dicir que moitos deles afortunadamente seguen entre nós, o cal nos enche de ledicia, mais outros moitos xa nos foron deixando ao longo de todos estes anos. Vaia para eles un grandísima e agarimosa lembranza. Para Manolo e Esther, a máis grande felicitación e noraboa por todos estes anos, compartindo os bos momentos, e os malos tamén, que lle deparou a vida ao longo de tanto tempo xuntos e que sinceramente sexa por moitísimos máis en compañía dos seus fillos e neta.



50

Vella do pasado que transmites sabedoría, a algúns a túa voz non nos é allea, mais a experiencia que nos dás xa foi embazada, maltratada a túa historia e esquecida, só quedan daquel tempo fotos e recordos manipulados, todo o mundo ve, fala e escoita, mais parecen cegos, mudos e xordos; as historias que nos contas repítense unha e outra vez, pero ninguén se dá conta, esquecense de ti, e de nós, dos que te queremos e te aceptamos como propia, dos teus fillos, os que si atendemos ás leccións de historia, os que nos sentamos a carón dos nosos avós e escoitamos os seus contos, os que paseamos polas túas carballeiras e observamos a túa beleza, os que te defendemos e honramos, os que nunca te esqueceremos vella Galiza, nin a ti, nin a túa historia.



Dende sempre a morte fai parte da vida. Corría o ano 1965 cando alguén tivo a ocorrencia de fotografar un enterro amosándonos ás vindeiras xeracións como daquela se trataba a morte de forma natural, elegante, e respectuosa.

En cambio hoxe, que todo o inmortalizamos, se a alguén se lle da facer unha foto da comitiva, probablemente tacharíase de persoa frívola, aínda que co tempo esa foto se convertería nun recordo máis, do ser querido que se foi.

Vendo a foto o primeiro que sorprende é o contraste das nenas da comuñón acompañando o cadaleito e ocorrésese facer dúas lecturas: que fose un símbolo de fe, relacionando a inocencia de infancia e a pureza da cor branca coa salvación eterna e outra que sexa coma unha homenaxe á defunta, que pola cor branca da caixa dedúcese que era moi nova, pois as nenas levan nunha man unha cinta que rodea ao ataúde e na outra unhas flores.

Tamén sorprende a elegancia dos mozos que portan a caixa e da xente en xeral (traxe, garabata...). Hoxe en día as cousas cambiaron moito, todo se xestiona a través das funerarias, de modo que resulta como máis "abstracto" ou "artificial", mais o que non mudou nin o fará no futuro é a dor que a todos nos produce a perda dun ser querido.



Marita Domínguez Cotovad

Estou lembrando como era a romería da Virxe dos Milagros hai sesenta anos. O carro foi doado por un señor de Parada no ano 1870, pola curación da súa esposa, iso é o que din os libros...creo que antes había moita máis fe que agora, sobre todo coa xente xove.

Na procesión ían dous cativos no carro e catro abaixo botando flores. O carro é levado por catro persoas que se van cambiando e así durante todo o percorrido. Agora vaise ata chegar ao cruceiro da Gándara onde se dá volta para a igrexa. Logo, á tardiña, comeza a verbena coas orquestas e a banda de música.

En realidade penso que é case igual que agora.



Os Milagres sempre foron un grande acontecemento o cal reunía unha grande cantidade de xente, din que a súa celebración remóntase ao século XVIII. Milleiros de devotos acoden á capela en honra á virxe, para cumprir a súa promesa feita ou simplemente para gozar da festa. A orixe desta romaría data do último cuarto do século XVIII, cando o labrador e arrieiro Sebastián de Castro conseguiu atopar auga preto da súa casa logo de implorar á virxe axuda. Segundo conta a lenda os Milagres concedeulle este desexo, polo que o arrieiro mandou que construísen unha imaxe da virxe en pedra que data de 1778. Así empezou a peregrinación de milleiros de persoas para pedirlle milagres á santa.

Un dos principais actos desta romaría é a procesión ao redor da capela entre todos os devotos que lle imploran e ofrécenlle ritos, como agradecemento dos favores concedidos. Pero xunto a estas mostras de grande devoción relixiosa tamén acoden persoas simplemente para gozar da festa, das súas variedades gastronómicas e da súa música. Todo isto desenvólvese na Carballeira que está á beira da capela.

Cando tiña oito anos fun botar as flores na procesión dos Milagres. Ao ano seguinte a miña nai xa me cortara o vestido da comuñón para levar á festa, pero viñeron pedirlle que me deixasen ir outra vez botar as flores porque non había moitas nenas, a miña nai volveu coserme o vestido e púxenme moi contenta, agradecínlle moito ás persoas que llo viñesen pedir porque me facía moita ilusión volver botar as flores na procesión.

Antigamente non había a iluminación de cores e formas que hai agora, lembro que un ano marchou a luz e tivemos que seguir coa festa á luz de gas que lle chamabamos petromás.

Cando era xa unha mociña gustaba moito ir á festa coas miñas amigas, bailabamos cos mozos que viñan de fóra e cos de aquí. Era un día que se celebraba moito, sobre todo os maiores, e nolo transmitían moito aos máis novos.



Bienvenido Besada Carro

Aínda non hai tanto que na nosa parroquia podíamos apreciar estampas como esta pois eu, que estou preto de cumprir o medio século, aínda me lembro perfectamente de cando eu fixen a miña primeira comunión, o percorrido da procesión chegaba dende a igrexa ata a antiga tenda de Vicente. Por todo este traxecto colocábanse unhas porterías con forma de arco regularmente, feitas de madeira e recubertas de buxo ou de loureiro verde que logo se adornaba con flores. A estrada era empedrada co que non era doado facer alfombras florais, pero creo recordar que se perfilaba a ambos marxes con ramas de flores e cornetas, e logo no centro botábanselle pétalos de flores. O percorrido remataba nun altar, adornado con floreiros, no cruce xunto a tenda. Tamén recordo que a festa de Fátima celebrábase no día propio, fose día de semana ou domingo.

Esta tradición parece remontarse bastante atrás, segundo contan os nosos maiores; eu mesmo conservo unha foto onde aparece o meu avó materno debaixo dunha desas porterías.

É unha pena que todo iso fose desaparecendo, a última vez que se fixo unha destas porterías na parroquia foi no cruce xunto a tenda, nunha festa de Fátima cando eu tiña dezaseis ou dezasete anos, e a fixemos un grupo de amigos.

Quizais a vida apresurada que levamos, xunto co desinterese por este tipo de cousas, sexan a causa de que algunhas das nosas tradicións e costumes desapareceran, por iso os que aínda temos un bo recordo delas, debemos facerllas chegar ás novas xeracións da parroquia.



Vanesa Seoane Amorín

Antano non había grandes orquestras, senón unhas gaitas e moitas ganas de festa, a xente do pobo e arredores atopábanse no torreiro para botar uns bailes, conquistar as mozas ou troulear. Vellos, vellas, mocidade e cativos xuntábanse para brincar e mocear ao ritmo da boa música galega -ou da nosa música-, para gozar dunha agradable velada.

De xeracións en xeracións, lendas, costumes e festas vanse transmitindo de distintos xeitos, dalgún xeito o son das gaitas tamén nos ensinou a nós.

Con grande ledicia a parranda anima a todo o pobo.



Carmen Rodríguez “A Cuca”

A VIRXE DE FÁTIMA, o trece de Maio, é unha das grandes celebracións que teñen lugar na parroquia de Peitieiros. Coincidindo co mes de Maio, o mes das flores e da Virxe, fánelle a modo de ofrenda unhas alfombras para que a Virxe, en procesión, pasee por elas. Pero aínda que nos pareza algo novo, realmente é un costume que se remonta moitos anos atrás, e que foi cambiando un pouco co paso do tempo.

Antigamente, facíanse tamén arcos florais elaborados polos diferentes barrios que competían entre si para conseguir o máis fermoso. A xente maior era a encargada de facelos durante o día con palmeiras que buscaban na parroquia próxima de Morgadáns. Tal labor era ás veces un tanto perigosa porque en varias ocasións había que correr cando algunha familia coñecida por todos non permitía que se lle colleran as palmeiras ou flores que tiñan nas súas propiedades.

Daquela, a procesión era moito máis longa, chegando ata o cruce do bar de Cándido, lugar onde varios cativos recitaban moi nerviosos versos para a Virxe. Amparín e Dona Pilar eran as encargadas de elaborar e ensaiar eses versos que con moito agarimo adicaban á Virxe de Fátima.

Este día era tamén moi esperado por algúns nenos porque recibían por primeira vez a comuñón, despois de meses de preparación eran os protagonistas xunto coa Virxe de tan bonita celebración.

É unha festa que aínda agora une moito ás persoas mediante a colaboración e o traballo conxunto que dura alomenos unha semana.



Pasa o tempo e todo cambia, cambian as rúas, os camiños, as modas, as xentes, os costumes... e mesmo a paisaxe. Pero hai algo que permanece en nós e son as lembranzas.

Ir coa Virxe ao lombo aínda se leva hoxe en día. A Virxe de Fátima sempre é levada nos ombreiros por mulleres, son elas as que se encargan do seu transporte durante toda a procesión mentres acompañan aos nenos que reciben ese día a súa primeira comunión. É tradición, xa de moitos anos, recoller pétalos de flores e confeccionar alfombras para ese día.

Hai xa varias décadas, tras unha promesa cumprida, que a Virxe veu desde Portugal, doada pola familia de Benito Varela. Foi transportada ata Os Remedios, parroquia de Couso, nun camión que posuía a devandita familia. A veciñanza foi recibida á parroquia de Couso e desde alí acompañárona nun carro adornado con flores e bandeiriñas feitas con cana e papel. Cando chegaron ao cruce do Empalme, entre Couso e Morgadáns, fíxose unha parada e o cura dedicou unhas palabras presentando a Virxe á parroquia de Peiteiros.

En anos sucesivos neste mesmo lugar sempre se preparaba un altar de forma provisional con arcos de buxo, acacias e flores para lembrar o feito de como chegou a Virxe ata aquí.

Foi a partires deste acontecemento, cando se decidiu conmemorar a festividade de Fátima e facer as primeiras comunións nese día, confeccionando alfombras desde a saída da igrexa ata o cruce do Empalme.

Pola maná facíase a misa e pola tarde era o momento da procesión. Os distintos barrios encargábanse de facer a súa alfombra na zona correspondente e os nenos e as nenas, engalanados para ese día, segundo ían pasando cantaban uns versos que tiñan preparados e que dedicaban á Virxe.

Hoxe en día o percorrido é máis curto: sae e volve á igrexa despois de pasar polo cruceiro de Gándara, mais a tradición é a mesma.



Manuela Rodríguez Pumar

Seica era un día de Fátima, e aí están as “chicas” do coro. Case todas as da foto tiñan parte nel, contan que destacaba entre as voces a de Teresa Cambra. Aínda hoxe din que daba gloria escoitala cantar o Kirie Eleison (Señor, ten piedade de nós).

Moito gozaban as nenas máis novas, entre elas as miñas irmás, os preparativos para esa data. Había competencia por seren as elixidas para botar os versos á virxe. Gustaban de participar nos ensaios dese teatro-recital baixo a dirección de dona Pilar, a mestra, e da súa indispensable colaboradora Amparín. A casa desta última en Peroleira era o lugar de ensaio. Alí, sentadas nas escaleiras do patín de pedra, se ía bo tempo, ou na saliña, se non era o caso, pasaban horas de nervios e risas.

Nos días previos engalanar as rúas desde a igrexa até o cruce da tenda de Vicente era tarefa de todos, grandes e pequenos, homes e mulleres. Cada barrio da parroquia ocupábase do seu tramo. Arcos florais, alfombras de flores, e as beirarrúas adornadas facendo pasillo. No alto, o altar da virxe e a tarima do recital.

E chega o día. Pola mañá, a misa das comuñóns; pola tarde, a do sermón, onde o cura, dende o púlpito e nunha homilía interminable, intentaba aleccionar á fegresía a respecto das normas da vida cristiá cun éxito desigual. Ao remate saía a procesión. E subíase cantando o rosario, porque é ben sabido: quen ora cantando, ora dúas veces.

Eu teño un vago recordo de todo isto. E máis alá do contido relixioso, para min ten moito de arrecendo a maio, a primavera.



Cando eramos nos uns nenos as festas eran moi distintas, había unha música e unha charanga, o director da música comía na casa do presidente e o resto repartíanse polas da veciñanza.

Tamén se repartían para pasar a noite, nesta casa quedaron varias veces.

As festas naquela época eran moi diferentes a xente traía a seu xantar o tradicional eran as empanadas e de sobremesa sopas de mel.

O adro estaba cheo de postos para poder tomar o café. A música recorría toda a parroquia coas súas pezas.

A xente era moi solidaria as festas facíanse cos cartos que se xuntaban pola parroquia e ca recadación dos postos que só se puñan os días da festa, tamén colaboraba o párroco co que xuntaba na misa maior.

Daquela só se celebraban dúas festas no ano: a dos Milagros e a de San Miguel, nos estabamos todo ano esperándoas con moita ilusión.

Ao día seguinte os nosos pais erguíannos ben cedo para ir o adro na procura dalgunha moeda perdida sempre había sorte e algo aparecía.

Eramos tan felices naquela época cunha charanga que hoxe en día coa mellor orquestra.

Remato esta historia con moita saudade daqueles anos.



Amorín e Alfonso

Angelito da Serra bota un sorriso mentres Manuel “da Jandra” mantén a compostura e seriedade que supón ser elixido carreteiro do ano, dono da rubia e da pinta; guiadoras da procesión e ben acicaladas para a ocasión.

Eran tempos onde o carro de San Miguel era un carro de bois adornado coa colleita propia de setembro e de rapazas de traxes rexionais enriba del. Un carro que tiña o seu protagonismo, claro está, despois da comitiva relixiosa, presidida polas imaxes de San Miguel e a Virxe dos Milagres, do párroco Don Cabaleiro e o sancristán Santiago do Barreiro, sucesor de Manuel da Cuca.

Eran tempos onde os gaiteiros de Lavadores “Os Morenos” facían soar as gaitas dende as copas das árbores do adro, e onde os doce músicos de Chaín amenizaban as verbenas do solpor mentres as parellas do baile movían o corpo ao son da melodía.

-Bailar, bailar, dende os catorce anos levo sen parar!-

Sí, eran días de foguetes rompendo o silencio, non só para os veciños de Peitieiros senón tamén para os dos arredores, pois a iso da tardiña, Celso Hermida, os do Mineiro, Casa Flora e demais comerciantes de Gondomar, achegábanse ao adro cargadiños de empanada para degustar mellor o viño e o mel mercados nalgún dos dezaioito postos espallados por todo o torreiro.

Eran boas festas!



Diego Bea Besada

As nubes tapaban o Sol no ceo, se cadra caerían algunhas pingueiras... mais iso a ninguén lle importaba.

As mulleres deixaran todo preparado na casa: nunha mesa, a carón da lareira, a mellor vaixela, contada e colocada minuciosamente; e, como non, olas e olas de comida.

Os homes... qué dicir. Algúns erguéranse cedo para darlle os últimos arranxos ao carro e preparar os bois. Porén, outros estaban xa na taberna, bebendo a súa quinta cunca de vino novo, da vendima diúrnas semanas atrás, co nariz encarnado e rindo a esgalla.

Xa estaba todo a punto. Os gaiteiros afinaban as súas gaitas e mentres, os nenos xogaban coas galiñas do carro. Repicaban as campas en Peitieiros. A xente vestía as súas mellores galas.

Non era unha obriga. Tampouco era por devoción.


Era a ilusión. Era 29 de Setembro. Estabamos en festas.



Manuel Janeiro

Se este país fora outro coidaría máis do seu, e contra todo utilitarismo productivo e económico fundaría unha asociación en procura da conservación dos bois. Ou non, porque ao cabo, os bois eran seres mutilados. Pero de calquera xeito, o que faría, sen dúbida, era non esquecelos. O que foron noutros eidos as mulas foron aquí os bois; eses touros mansos de raza loura e mirada filosófica e triste. Por certo que mulas e bois teñen en común o ser creacións humanas. As mulas por hibridación de équidos e os bois pola castración do gando vacún macho.

Agora é imposible toparse cun carro de bois; nin sequera de vacas, que foron, as pobres, as últimas en tirar dos pesados carros de madeira maciza, cerne de castiñeiro ou carballo aos que se xunguían os mansos. Cando xa non tiña conta manter os bois pero aínda era útil transportar algunha cousa nos carros, as vacas facían o traballo. A vaca foi o todo terreo do rural galego “posbois”: provedora de leite, de tenreiros e de forza bruta, e case que animal de compañía. Coñecín unha señora que lle comprou unha vaca ao marido para que non pasase o día na taberna. O home acababa de se xubilar e non atopaba outra cousa mellor que facer que pasar o día no bar falando cos parroquianos e tomando chiquitas. Man de santo, dende que a muller lle comprara a vaca non facía outra que pasear ao animal pola estrada para que comera da herba tenriña das cunetas. Miraba por ela como polas santiñas dos seus ollos e queríaa coma a unha filla.



Severino Bea Toyos

Imaxe recente dun pasado antigo que século tras século se repite... Desexo humano de querer crer, crer na vida como camiño cara á eternidade, crer que todo sucede por algo xustifico, como acougo da alma. Ter fe.

Imaxe recente dun pasado antigo que século tras século existe... Pobo, civilización ou cultura en busca da salvación para, dalgunha maneira, ser.

Imaxe recente dos anos sesenta en Peitieiros, cal imaxe gravada na retina da nosa infancia dun pasado moi antigo.

Anxos, bestas e devotos xuntos camiñando cara a Xesús, crucificado en pedra e posto aí, no cruce por onde pasamos sempre, dende nenos ata que somos anciáns, para que non se nos esqueza nunca, tras séculos, que alguén pode dar a vida, para que a vida siga.



Juan José Castro Paz

Na foto aínda pode verse o antigo palco de pedra das bandas de música, que polas súas reducidas dimensións tiñan que se lle engadir taboleiros de madeira para que as bandas collesen nel no día da festa.

Aló polos anos 1972 ao 1974, comezou o asfaltado da estrada que vai de Gondomar ata o cruce da tenda de Vicente, da cal dicir que facía as funcións de tenda de ultramarinos, taberna e funeraria. Un ano despois, aló polo 1975, completouse o asfaltado da estrada de Víncios a Couso.

No ano da foto aínda non existe asfalto na estrada nin nos camiños dos barrios. As pistas eran de xabre, que se enchían de regos e fochancas coas chuvias do duro inverno, facéndose intransitables. E por iso que a data da imaxe debe ser anterior ao ano 1972. Por aquel entón lembro unha Parroquia unida e solidaria, xente amable, sempre disposta a axudar desinteresadamente, o cal é moi difícil de atopar hoxe en día.

Foi a partires de que un foráneo natural de Vigo recalou nesta Parroquia con 18 anos, aló polo ano 1964, namorando ca muller coa que casou tres anos despois, cando comezou a miña vida social en Peitieiros. Pouco a pouco fun participando na vida social, na constitución dunha asociación veciñal, movemento asociativo que máis tarde crearía a Comunidade de Montes, na construción do local para cantina das Comisións de festas que logo permitiría construír o edificio do Centro Cultural ou nas xestións para construír, non con poucas diferenzas e problemas, a escola pública que hoxe en día coñecemos como "Neira VÍlas" grazas ao esforzo da veciñanza comprometida, algún xa desaparecidos, e outros que xa nin lembro.....

O texto completo pode lerse na páxina 98.



- **C**oño, pois saínche ven guapo - dicíalle Indalecio “O Filosa” a Sindo de Vilas, mentres tomaban unhas cuncas de tinto novo no ‘Bar Chaín’, e aproveitaban para ollar a foto que lle mandara o Fontán de Peitieiros. A instantánea tiráara na festa de S.Miguel o Meira que, abrazado a súa inseparable cámara Altissa, era o encargado de inmortalizar todos eses eventos, e a quen, xeracións futuras habíanlle de estar moi agradecidos. Nela aparecía a banda de música de Gondomar ó completo, encargada de amenizar ese día a romaría.

As bandas aproveitaban os meses que non había festas para ensaiar, xa que cando comezaba a tempada andaban dun sitio para outro, era unha loucura, ata había días que non os miraban pola casa. De mañá cedo botabas a andar cara á vila que tocaba ese día e, veña a gastar solas. Algúns privilexiados tiñan bicicleta.

A festa de S.Miguel en Peitieiros gustáballes moito, era unha das últimas do ano e xa se aproximaba o merecido descanso de outono, ademais entre os músicos había xente da parroquia.

O texto completo pode lerse na páxina 105.




Antía Chamorro Misa

Homes, mulleres, mozos e mozas, nenos e nenas....
Todos eles coas súas mellores galas, nun día de festa, de alegría, de xuntanza do pobo. Era un día no que saída da rutina, do cotiá, do traballo do campo.

Dende aquela todo mudou moito: a paisaxe, a xente, os costumes....Agora xa poucos quedan que traballen a terra, vestimos todos os días como se fora día de festa, estamos tan ocupados nas nosas vidas que as veces non lle damos verdadeira importancia a este día. Aínda que no vivín as festas de antes, ao ver a fotografía vexo un pobo unido, vivindo e sentido un día tan especial.

Nada é duradeiro e inmutable, mais hai costumes que non se debían perder....



Alfonso Loureiro Costas

Pequeno grupo de familiares e amigos de Cándido Cambra con motivo dunha visita a Uruguai. Digo pequeno porque naquel momento os emigrantes de Peitieiros en Uruguai eramos entre douscentos e douscentos vinte, sendo Peitieiros unha aldea con cento trinta casas ocupadas. Isto, dános idea da xente que emigrou e entre tantos, houbo xente que destacou en diversos sectores, falaremos dalgúns: José Costas Fernández, que, entre outros, foi fundador e colaborador dunha asociación de emigrantes do Val Miñor en Uruguai e Arxentina para facer posible a fundación dun centro de estudos como así fixeron a "Escola Valle Miñor" en Nigrán, hoxe coñecida como Escolas Prol-Val. Nesta escola, seis mozos de Peitieiros co paso dos anos, nos anos vinte, poden dar fe diso, saían de mañá de casa, coa súa comida ata a noite.

Destes seis mozos, catro foron emigrantes, un deles Afonso Costas Cabezas, que seguiu estudando e titulouse como perito Mercantil en 1933 e foi parte integrante do Banco de Galicia en Uruguai. Tamén escribiu para o Diario español, sendo a súa principal ocupación as transaccións comerciais, xestións e administracións no sector privado. Esta ocupación lle trouxo un grande prestixio entre a colectividade galega. O noso destacado veciño faleceu en Montevideo en 2010 aos 101 anos de idade.

Tamén gozaba de moita popularidade, José Misa "Guerreiro" que desempeñou o cargo de presidente do sanatorio "Casa de Galicia", unha sociedade médica que acollía a máis de 10.000 socios. No sector industrial tivemos dous irmáns Marcelino e Federico, para todos máis coñecidos como "Os do Outeiro". Foron fundadores e provedores da marca de café "San Pablo" en Uruguai.

Francisco Rodríguez dedicouse igualmente ao comercio de café. San Francisco era a súa marca. Tamén tivemos a súa achega á vida social de Montevideo, Joaquín López Rodríguez, que foi un excelente cocteleiro no mellor hotel de Montevideo, sendo a miúdo obxecto e obxectivo de diarios e revistas que reflectían o glamour dos anos 40 en Montevideo. Todos os datos que aquí se refire asegúrovos que son fiables, pois ou ben os vivín, ou ben teño noticias de primeira man. Posto que eu tamén formei parte da emigración a Uruguai, podería contar mil e unha historias e aquí estou disposto a transmitir as para que non se perdan.

O texto completo pode lerse na páxina 109.



Genoveva Cerzón Domínguez

86 **E**n tempos remotos, a xuventude de Peitieiros tivo que emigrar para terras afastadas e alleas. Unhas a lugares máis próximos, como os meus antepasados que se foron para Puerto de Santa María, en Cádiz, mais outras, a lugares tan lonxanos, como Buenos Aires, na Argentina, Uruguay ou Cuba.

O meu avó e os meus pais, padre e madre, foron para Montevideo, onde eu nacín, ou tamén estas persoas da fotografía, que algúns tamén foron emigrantes.



Mª Digna Misa Donínguez

É unha honra para min, presentarles ó meu bisavó D. Serafín Cambra e a súa familia. Esta foto debe datar ao redor do 1918 mais ou menos, calculo pola idade da miña avoa Regina -unha das mozas das trenzas-.

Entre outras moitas e máis importantes “herdanzas” o bisavó Serafín deixou o seu nome nunha das campás da igrexa (na máis grande), por facer a doazón cando caíra o campanario, e a través das xeracións, unha grande admiración no meu corazón.

Cando esta foto chegou a min, aparte do valor a nivel sentimental, trasmitíume a importancia que tiña a “familia” naquela época, que aínda escasos de medios e tecnoloxía, como temos agora (e posiblemente non teñamos un retrato familiar desta índole) dábanlle un lugar importante na vida e no tempo, en prepararse para a ocasión e en plasmar para a posteridade unha obra tan fermosa.

Quede constancia do meu agradecemento.



Primero recoñecino a el, inconfundíbel coa súa altura e delgadeza, a súa faciana singular. Entón reparei nelas, no centro da imaxe, as irmás que visten a mesma chaqueta, recoñecíbeis malia os anos pasados, fermosas naquel día soleado en que se xuntaron ao pé dos medas de millo catro xeracións de veciñanza, para non esquecer aquel momento breve.

O tempo pasou, xa non están aquí, mais queda o retrato cheo de luz de un día de festa, como esas notas que imos deixando polas nosas vidas para non esquecer. E eu? Que me une a elas e a eles? Como é posíbel que recoñeza a persoas coas que non convivín, ou que a penas coñecín uns días? Por que fago miñas as imaxes dese pasado? Se cadra porque bebo a auga do Matalagartos, porque non me importou desoír o refrán e mesturei monte e fonte, porque incorporei ao meu vocabulario palabras como rabaqueta ou follarca, porque fixen miña a lenda das mouras que se peiteaban no río á sombra dos muíños que aínda non derrubara o esquecemento.

Así, alarguei as miñas raizames que, mentres se nutren do salitre do mar en que nacín, profundan na terra rodeando os petoutos ocultos, bolsas de lava petrificada que lle dan nome a un barrio extenso, Peroleira, e permiten que me manteña firme sobre elas, mentres sigo, empeñada en darlle a volta ao mundo.



A sí eramos nós de pequenos - dixo ela -.

Aquel día tan importante, que nos viñeron facer unha foto, mamá ata me puxo a roupa nova, e agora... agora os tempos cambiaron. Antes iamos á escola, unha chea deles mesturados na mesma clase, e pobre nosa que a mestra dera unha queixa!... agora corren outros tempos, para ben ou para mal. Agora os nenos xa non son nenos, son “protagonistas”, as fotos sácanas eles, e se os deixas ata as descargan no ordenador. Visten de domingo case todos os días, e ás veces non os viste mamá, senón que agora papá tamén se ocupa desas cousas, claro, é que mamá agora traballa fóra de casa, igual que papá, e hai que repartirse. As clases non poden ter máis de 25 nenos, é que as aprendizaxes teñen que ser individualizadas, e a “profe”... agora non sempre ten a razón.

Que difícil é expresar nunhas liñas o significado do ensino a pequenas persoas que están descubrindo o mundo, a realidade que os rodea. Cando chegas cada mañá e o recibimento é un sorriso, unha boa palabra, un abrazo, unha mirada cómplice... son os momentos nos que a alma se enche e sentes que estás vivindo o froito dun traballo que non vives como tal, senón como unha parte moi importante da túa vida; o ensino de cativos que teñen unhas características, unha personalidade, uns hábitos, e que viven unha realidade (en ocasións moi amarga desde ben cedo). E esas vivencias que lles pertencen ás súas vidas, sen querer pasan a formar parte da túa. Cando chegas a casa e pensas en este ou aquel cativo, que lle pasa non sei que cousa, que consideras inxusta e sentes que tes que actuar dalgunha maneira, daquela nena que hoxe che dixo que estabas guapísima, ou a maneira de actuar tan simpática ou tenra daquel pequeno, cando pensaba que ninguén o miraba. Eses cativos serán a sociedade de mañá, dos que depende o futuro e dos que somos responsables, xunto coa familia, de transmitirilles uns valores para formar ante todo persoas, boas e nobres persoas.



Emilia Carro Amorín

Este é o barrio da Peroleira a mediados dos anos cincuenta. Os campos estaban cheos de millo, e había que carretalos ao lombo por aqueles camiños.

Agora hai moitas casas e estradas, daquela había só cinco ou seis casas, a casa da Marcelina, a casa de Don Castor, a de Varela...

A casa da dereita, a máis próxima á finca do millo, era a escola dos nenos.



Texto completo de Fernando Cerezo García

Observando a foto, pode causar estrañeza: quen son ese homes?, onde están traballando? A primeira resposta é doada: son uns canteiros... ata aí podíamos chegar; tamén é fácil intuír que están traballando nunha igrexa. Pero, quizais o máis desconcertante e que é a nosa igrexa, a igrexa de San Miguel de Peitieiros.

Situemos os feitos: nas primeiras décadas do século XX tivo lugar unha galerna, un vento furibundo, que como resultado destrozou a parte frontal da igrexa, como se pode observar na fotografía. Foi realmente un acontecemento para non esquecer. Grazas a Deus non houbo que lamentar vítimas, pero había que volver deixar a igrexa como estaba.

E así foi: eran tempos de D. Manuel Cabaleiro Martínez, que estivo nesta freguesía dende o ano 1932 ata o ano 1978 como párroco; aínda que viviu entre nós ata o 1980, que é cando faleceu, sendo sepultado no noso campo santo. Foron moitos anos de servizo sacerdotal, vivindo con, e entre, a veciñanza da parroquia: era un máis. Loxicamente tocáballe asumir os labores de restauración do Templo, e así foi. Contan, e entre eles ten que haber moitas testemuñas oculares e de oído, que D. Manuel non se amilanou, senón que enchido dunha grande fe, comparable a súa humanidade, puxo mans á obra. O primeiro que fixo foi ir a Tui para falar co Sr. Bispo, que con boas palabras díxolle que non había cartos e por tanto el só debería afrontar as cousas. Saíndo das dependencias do propio bispado, botou a man o peto da súa sotana, e atopou o diñeiro exacto para comprar un décimo da lotería. Ao mesmo tempo no seu interior fixo oración e enfrontándose - no bo sentido - con Deus, máis ou menos, asumiu unha oración confiada pedindo de que lle "tocara" e así podería levarse a cabo a difícil restauración da igrexa.



E así foi, mais coa grande fortuna de que lles tocou máis do que necesitaban. Digo "lles", pois a fortuna divina non recaeu só para el, senón que o agasallo foi para todos, unha dedada de mel para todos os cristiáns de Peitieiros. Como cousa curiosa a propósito da lotería, dicir que seguiu xogando o mesmo número ata que morreu. O numero en concreto é: 10.461. Tamén lembran que ese número distribuía entre as nenas e nenos do catecismo, en pequenas participacións de a peseta. Incluso lles tocou aos cativos, e ocurriuselle abrílles unha libreta a cada un deles, co seu nome, para o día de mañá.

Desde xeito, conseguíronse ós permisos para facer a obra, que consistiu en deixar a Igrexa moito mellor do que estaba, facendo ademais un campanario anexo con torre (antes só había unha espadaña, onde no seu lugar púxose a imaxe dun año).

Agora ben: se tivesemos de buscar un título para estas poucas palabras, penso que o máis adecuado sería: unha historia de pedras vivas. Fíxose de novo a Igrexa, refíxose, porque había pedras vivas, é dicir, cristiáns que tomaron en serio a súa pertenza a igrexa, que quixeron, e queren, o mellor para Deus, sendo ao mesmo tempo a casa para nós: nela dende o bautismo ata as honras fúnebres irnos tendo acollida.

Grazas D. Manuel, que Deus llo teña pagado, ao igual que a toda a xente que, sufrindo os danos da galerna, souberon erguer dos escombros unha obra agradable a Noso Señor. Deus sexa bendito.



Texto completo de Juan José Castro Paz

San Miguel conta con numerosos devotos/as que o acompañan durante a tradicional procesión co carro dos froitos procedentes das doazóns da veciñanza da Parroquia. Na foto aínda se pode ver o antigo palco de pedra das bandas de música, que polas súas reducidas dimensións tiñan que se lle engadir taboleiros de madeira para que as bandas collesen nel no día da festa.

Aló polos anos 1972 ao 1974, comezou o asfaltado a estrada que vai de Gondomar ata o cruce da tenda de Vicente, da cal dicir que facía as funcións de tenda de ultramarinos, taberna e funeraria. Un ano despois, aló polo 1975, completouse o asfaltado da estrada de Vincios a Couso.

No ano da foto aínda non existe asfalto na estrada nin nos camiños dos barrios. As pistas eran de xabre, que se enchían de regos e fochancas coas chuvias do duro inverno, facéndose intransitables. E por iso que a data da imaxe debe ser anterior ao ano 1972. Por aquel entón lembro unha Parroquia unida e solidaria, xente amable, sempre disposta a axudar desinteresadamente, o cal é moi difícil de atopar hoxe en día.

Foi a partires de que un foráneo natural de Vigo recalou nesta Parroquia con 18 anos, aló polo ano 1964, namorando ca muller coa que casou tres anos despois, cando comezou a miña vida social en Peitieiros.

No ano 1971, participei na constitución dunha asociación veciñal, que posteriormente foi posta



en funcionamento baixo o nome de "O Hórreo", a súa Xunta Directiva foi a antecesora do que máis tarde sería a Comunidade de Montes, xa que ca entrada en vigor da lei de Montes en Man Común, a directiva en pleno da AA. W. deixou o cargo para dedicarse a xestión da Comunidade de Montes.

Cos cartos que sobraron das festas, unhas 360.000 pesetas do momento, comezamos as obras de construción do local para cantina das Comisións de festas, levantando no terreo do torreiro a cimentación (muros de contención, pilares e placa) do que hoxe en día é o edificio do Centro Cultural.

Uns anos despois, as augas baixaban revoltas na Parroquia, pola discrepancia entre veciños ante a ubicación do terreo para a construción dun colexio na parroquia.

O proxecto orixinal contemplaba o levantamento da escola no "Lombo de Roxás" onde hoxe se atopa o "Área de Lecer", mais non concordabamos todos pola dificultade do terreo e o custo do desterramento, como polo seu emprazamento afastado dos barrios da zona baixa da Parroquia. Daquela houbo acontecementos desagradables e ameazas.

Unha negociación co bispado, permitiu vender ao Axuntamento o terreo do "Igrexario" integrado na parcela da casa do Párroco, coa condición de dedicar parte dos ingresos na reposición do vello piso e fiestras de madeira da citada casa por unha placa de cemento e fiestras de aluminio, así puido construírse a escola pública que hoxe en día coñecemos como "Neira Vilas" grazas ao esforzo da veciñanza comprometida, algún xa desaparecidos, e outros que xa nin lembro.....

Texto completo de Alfredo López Fernández baixo o título de *Atrium*

O adro, como o torreiro, é o paradigma do lugar público na parroquia. De seguro que o *atrium* é moi anterior ao templo, xa que antes da edificación xa existía alí a xente, cos seus problemas, coas súas necesidades de comunicación e de relación social, polo que, alí onde as xentes se reunían un serán para gozar coa música ou tomar una decisión, alí trepaban un eido para convertelo en adro.

Moitas veces este punto cardinal da nosa parroquia é usado como lugar de encontro ou cita con alguén que chega de fóra por primeira vez, é por iso que hai momentos de espera que se converten en momentos de reflexión.

Nese escenario, o Monte Galiñeiro preside o fondo do noso cadro particular, polo leste, a Serra semella un pano recollido a piques de caer. O sur está retido pola verde muralla dos plataneiros centenarios. No fondo, o frontal do templo engade misterio á escena coa súa porta de orixe perdida no inicio dos tempos, cando aínda os animais sabían falar, en contraste coa súa moderna torre. O tímpano representa os santos que semellan tocar una melodía gaitreira acompañada das pandereteiras ao compás de calquera interpretación do alumnado de Secundino.

Xa no punto cardinal en que morre o día está o lugar a onde moitos levarán os seus ósos, o máis tarde posíbel, eu non, grazas: o cemiterio. A parte rodeada co muro de pedra vella, foi construída coas subscricións populares dos emigrantes da parroquia que estaban en Montevideo e Cuba, alá polo ano 1905. Aquelas xentes, debecían coa



morriña naquelas terras e agardaban voltar, aínda que non fóra máis que para deitar os ósos no campo santo, ao carón dos respectivos dos seus seres queridos.

Andando por fronte da súa porta lembro unha historia, que din foi certa, aconteceu alá polo principio dos anos vinte ou trinta, e contan que unha muller no seu leito de morte, aqueixada de fortes febres, foi visitada polo sacerdote para darlle a extrema unción pois estaba xa ás portas do pasamento. A muller, que non era dona dos seus actos, maltratou ao cura, se cadra, baixou toda caste de santos, con ou sen razón, mais, sen freo ningún na súa lingua dixo o que tiña agochado, o que nunca puidera dicir e máis. É por iso que o cura, en represalia, a aquela que consideraba tivera un comportamento vergonzoso para unha cristiá, e como acción exemplarizante diante dos demais, retiroulle a súa condición de boa católica, veciña ou tan sequera persoa, negándose a levar os seus restos ao camposanto, que xa di na súa porta que é católico, e remataron soterrándoa no camiño, coma un can. Este feito encheu de carraxe a grande parte da parroquia dividindo os pareceres. De tal xeito que, despois do ano 1936, unha parte da veciñanza cedeu os terreos do cemiterio á igrexa, e non toda a parroquia estivo de acordo, tal fora a pegada deixada por aquel feito.

101

Sempre pensamos que calquera tempo pasado foi mellor, por iso ao ver estas fotos vellas tamén pensamos que o pasado era máis harmonioso, máis solidario, máis social... Seguramente o fora, mais tamén habería encontros e desencontros, amizades e odios, igual ca hoxe, e quizais daquela as disputas eran máis viscerais, como o conto que din dun veciño que matou a outro por unhas galiñas ceibes do outro que lle comían as migallas no seu eido.

Mentres tanto sigamos o paseo polo adro, un lugar de alegrías e tristezas mil veces andado, e que, a pesar da soidade dun camiñante, non é un lugar solitario. Neses momentos de reflexión, deixando pegadas no torreiro, na espera de algo ou de alguén, séntese o acompañamento de todos eses meducos de palla, como soldados en formación, como brisa intanxible nunha quintana de mortos, mais coa sabedoría que deixou a suor daqueles que por el pasaron durante milleiros de anos e que aínda o chan rezuma.

Cando visito un pobo ou a una aldea, nova para min, o primeiro que fago é ir ao adro. Igual que din que a cara é espello da alma, o adro é a cara de todo un pobo.

Texto completo de Aurora Pérez Lorenzo baixo o título de *O curro de Peitieiros*

Á hora de redactar algo relacionado coa memoria desta parroquia, como veciña nacida aquí e despois de tantos anos, asoman moitas cousas ao meu pensamento. Aproveito para renderlle unha pequena homenaxe ao meu pai que seguro que se alegrará de que conte esta historia.

Agora que estas celebracións recuperaron o seu auxe contando con recoñecemento máis alá das nosas fronteiras, debo dicir que o curro que agora se celebra en Morgadáns tivo as súas orixes na nosa parroquia, sendo a súa primeira celebración no eirado da "CASA DO OUTEIRO", coñecida bastantes anos máis tarde pola casa do Arbones sita no barrio da Area.

A primeira xuntanza dos equinos foi organizada polo meu proxenitor Vicente Pérez Domínguez coa axuda do por aquel entón seu socio Benigno Pérez (Benigno do Canteiro). Ao ano seguinte, coa merca de máis animais, buscaron un lugar con unha maior capacidade para levar a cabo as tarefas da xuntanza, rapa e marca, sendo o lugar elixido a "CORTE DO PETO", no lugar do Monte da Area, onde aínda hoxe se conserva parte da súa estrutura. Pouco a pouco a idea destes apaixonados por estes mesteres foi calando entre máis persoas, contando en pouco tempo con un maior número de gandeiros e coma consecuencia, de animais.

O certo é que meu pai sempre era partidario de buscar algún lugar máis adentrado no monte para facilitar a xuntanza e condución dos cabalos, e ao mesmo tempo con acceso para que as familias, amizades e veciñanza puidesen achegarse á



celebración da festa. Así, contando con que o espazo volvía quedar pequeno, precisaban un lugar axeitado para celebrar o evento dado que aquela idea primaria ía gañando forza co paso dos anos ca incorporación de novos gandeiros non só de Peitieiros, senón tamén dos arredores coma Morgadáns, Couso, Prado, Vilas, etc. Aquelo iniciado coma unha paixón polos cabalos foi tendo repercusión nas parroquias do noso concello e dos concellos limítrofes: xentes de Tui, Baiona, Tomiño, acudían no día da celebración para gozar do bravo espectáculo.

A idea de trasladar as celebración a outro lugar atopou moitos atrancos dado que el sempre puxo por diante que non podía saír dos límites da nosa parroquia, atopando unha forte resistencia pola parte dos gandeiros da parroquia tudense de Malvas, que mantiñan a súa postura de organizalo no alto de San Antoniño, dentro da coñecida coma "TOMADA DO BISPO".

Finalmente os gandeiros da parroquia Tudense cederon, e o lugar elixido foi "A PRESIÑA" tamén chamada "VEIGA VELLA" no monte de Peitieiros. Alí acudían cada ano no segundo domingo do mes de xuño, se o tempo llo permitía, para a súa celebración, baixando as bestas xuntas dende montes aínda ben afastados e dos arredores, tendo que comezar a xornada moi cedo pois lle agardaba un esforzo esgotador.

Lembro ese día coa nostalxia deses tempos onde, naqueles anos de celebracións escasas, eran agardadas dun ano para o outro. A nosa participación era nas tarefas das axudas a miña nai nos preparativos para facer e levar as comidas e bebidas até o lugar no que, unha vez cos animais dentro do curro, e na espera da rapa das bestas adultas e da marca dos poldriños novos, nos espalláramos polo monte na procura dun lugar para comer o máis cómodos posible todos xuntos. Tamén lembro que acudían varias autoridades do concello a comer con nós, véñenme a memoria o alcalde Ramón Fariñas e o xuíz Don Basilio, entre outros.

Despois dunha boa comida para repor forzas e o seu imprescindible café de calcetín por enriba, a nosa tarefa na festa estribaba na colleita das crinas para vender cando meu pai, tesoirá en man, nolo ordeaba no momento da rapa, lémbrome do medo que pasabamos no medio das bestas, antes de soltalas novamente para o monte na procura do seu destino.

Xa cos traballos rematados, non podía faltar a cita a música da charanga. Por outro lado, eran coñecidas tamén as pelexas ao remate da xornada, coma consecuencia de ter bebido algún un pouco de viño máis da conta.

O curro seguiuse celebrando durante varios anos no mesmo escenario. Coa entrada, anos máis tarde, dunha maioría de gandeiros de fóra da parroquia, decidiuse cambialo de emprazamento sendo elixido o lugar que hoxe o alberga na parroquia de Morgadáns. Isto foi alá a mediados dos anos sesenta, non podo precisar o ano en concreto, pois, coma consecuencia da emigración, chegoume a nova na miña estadía no Brasil. O que si teño presente aínda hoxe, son as cartas onde meu pai amosándome a súa tristura por levar o curro fóra da parroquia, se ben é certo que naquel momento o maior número dos gandeiros da parroquia veciña pesaba máis, non lle quedando outra que aceptar aquela decisión.

Como podedes imaxinar, tería moitas cousas que engadir a este relato, se ben é certo que con esta síntese agardo que, para quen non o saiba, o por qué aínda hoxe se lle chama o CURRO DE PEITIEIROS.

Texto completo de Jose Correa Sobrido

-Coño, pois saínche ven guapo- dícialle Indalecio “O Filosa” a Sindo de Vilas, mentres tomaban unhas cuncas de tinto novo no ‘Bar Chaín’, e aproveitaban para ollar a foto que lle mandara o Fontán de Peitieiros. A instantánea a tiráara na festa de S.Miguel o Meira que, abrazado a súa inseparable cámara Altissa, era o encargado de inmortalizar todos eses eventos, e a quen, xeracións futuras habíanlle de estar moi agradecidos. Nela aparecía a banda de música de Gondomar ó completo, encargada de amenizar ese día a romaría.

A Banda ensaiaba dúas veces á semana nun local, na traseira do ‘Bar Chaín’, e a Manolo de Sinda (o director) non lle gustaba nada que a xente chegara tarde, polo tanto, cando remataban as súas tarefas diarias, que acostumaban ser de sol a sol, xuntábanse todos para preparar temas novos e practicar os xa coñecidos.

O Indalecio “O Filosa” era un tipo fraco, aínda que dicir fraco era engordalo de máis. Escachizado facíalle máis xustiza. Viñera facer un traballo a Gondomar dende o seu Goián natal, coñeceu a Pilar “do Chosco” e xa ficou aquí -cousas do amor- adoitaba dicir. Os seus compañeiros apreciábano moito xa que era un excelente clarinetista e, xunto co director, o único que sabía solfexo, cáseque todos os músicos daquela tocaban de oído, aínda que o que máis destacaban del é que era un bo compañeiro.

-Hei, imos para o ensaio!- gritoulles Manolo “O Rato”, xefe do bar e organizador da banda -xa chegaron os que faltaban- nese intre entraban pola porta Pepe Loureiro e Ramón “O Jañán”, que ese día tiveran problemas de desprazamento.

As bandas aproveitaban os meses que non había



festas para ensaiar, xa que cando comezaba a tempada andaban dun sitio para outro, era unha loucura, ata había días que non os miraban pola casa. De mañá cedo botabas a andar cara a vila que tocaba ese día e, veña a gastar solas. Algúns privilexiados tiñan bicicleta.



A festa de S.Miguel en Peitieiros gustáballes moito, era unha das últimas do ano e xa se aproximaba o merecido descanso de outono, ademais entre os músicos había xente da parroquia. Tocaban na procesión, despois estaba o concerto, e veña, xuntábanse co Fontán, o Silva, o Pincha, Manolo de Prudencia, Alberto e Manolo do Bravo, Marcelino e Manolo Amorín, Manuel Cambra, e algún que outro agregado para facer o percorrido dos “chiquitos”. Ían dende os postos da festa (ata dezaoito, o de Valente e o de Germán de Vincios eran os mais concorridos) pasando pola casa de Pasarón, a casa de Rosa do Cacholas e o bar do Regueiro. Despois de comer, botaban unha partida ou durmían a sesta nalgún palleiro, animaban a verbena ata as tantas, e volvían para casa cos mesmos medios.

Aquel ensaio foi moi especial, pois ó remate do mesmo, Indalecio anuncioulles que, debido a como estaban as cousas de duras e que a música non daba para comer, ía en procura de novos horizontes e marchaba cara Montevideo. Foi o primeiro, a el seguiron outros moitos nun curto período de tempo.

Texto completo de Mónica Gómez Misa

O xogo dos bolos é unha antiga modalidade deportiva que xa se xogaba na zona hai 200 anos. Neste deporte aparecen normas que establecen certos controis, aínda que estes son cambiantes, non só en función das modalidades, senón tamén das terras e dos lugares onde se practican.

É a partir de 1990, cando todos os clubs e xogadores tiveron que inscribirse e rexistrarse na Federación Galega de Bolos e rexerse todas as competicións por un regulamento que foi aprobado en 1991.

Compre salientar que na zona do Val Miñor é onde se conserva con toda a súa pureza ancestral a práctica deste deporte, aínda que tamén se practica no Baixo Miño, O Rosal en Pontevedra, Viana do Bolo en Ourense, entre outros, pero con menos intensidade.

Outros lugares ata onde chegou a tradición dos bolos foi a Buenos Aires e Montevideo, grazas á colaboración das xentes que, procedentes do Val Miñor, acudiron no seu momento a émbolos países en calidade de emigrantes.

Centrándonos na parroquia, aló polos anos 70, aproximadamente, xogábase aos bolos na Bastida, en Peroleira. Xogábase os domingos pola tarde e os agasallos que se sorteaban eran galos ou coellos.

A práctica deste deporte facíase, e aínda se fai, nun terreiro chan e en forma de abano. Ten unha pedra onde se plantaron os bolos e outra



que é dende onde se tira a bóla. As dimensións que abrangue son: dende o pé ata aos bolos, 5 m., e dende os bolos á raia, 21m., aproximadamente.

A cantidade de bolos a derribar é de 18 e faise na modalidade de triletes, é dicir, en equipos formados por tres persoas cada un. O xogo consiste en tirar a bóla dende o pé aos bolos e despois birlar desde a raia ata os bolos outra vez, isto fano os tres membros do equipo alternándose, primeiro todos cara abaixo e logo cara arriba. Cando se tira a bóla e pega nos bolos, si esta non chega á raia, chámase "meca", e é unha tirada nula. Pola contra, se o bolo pasa a raia súmanse 9 e cando caen os bolos pero estes non chegan á raia, 1.

Este xogo segue a practicarse hoxe en día igual que naquel tempo. Contar, que por aquel tempo, tamén se xogaba no Adro da Igrexa, este era un lugar que se empregaba en moitas zonas, pois eran os lugares máis coidados e céntricos, porque era onde se organizaban romarías, festas.. . Aquí xa se pasou a sortear dúas ou tres veces na tempada, un carneiro, ademais dos galos ou coellos.

Posteriormente pasou a xogarse no terreo da Comunidade de Montes, fronte ao colexio durante 3 ou 4 anos. A día de hoxe, o xogo dos bolos atópase no barrio de Piñeiro. "Debemos reforzar práctica diaria deste xogo con apoio e interese, sen dúbida, o futuro dos bolos está nas nosas mans, na nosa acción diaria."

Texto completo de Alfonso Loureiro Costas

Pequeno grupo de familiares e amigos de *Cándido Cambra* con motivo dunha visita a Uruguai. Digo pequeno porque naquel momento os emigrantes de Peitieiros en Uruguai eramos entre douscentos e douscentos vinte, sendo Peitieiros unha aldea con cento trinta casas ocupadas. Isto, dá idea da xente que emigrou e entre tantos, houbo xente que destacou en diversos sectores, falaremos dalgúns:



José Costas Fernández, que ,entre outros, foi fundador e colaborador dunha asociación de emigrantes do Val Miñor en Uruguai e Arxentina para facer posible a fundación dun centro de estudos como así fixeron a "Escola Vale Miñor" en Nigrán, hoxe coñecida como Escolas Prol-val. Nesta escola , seis mozos de Peitieiros co paso dos anos, nos anos vinte, podo dar fe diso, saían de mañá de casa, coa súa comida ata a noite. Destes seis mozos, catro foron emigrantes , un deles *Afonso Costas Cabezas*, que seguiu estudando e titulouse como perito Mercantil en 1933 e foi parte integrante do Banco de Galicia en Uruguai. Tamén escribiu para o Diario español , sendo a súa principal ocupación as transaccións comerciais , xestións e administracións no sector privado. Esta ocupación lle granjeou un gran prestixio entre a colectividade galega. O noso destacado veciño faleceu en Montevideo en 2010 aos 101 anos de idade.

Tamén gozaba de moita popularidade , *José Misa "Guerreiro"* que desempeñou o cargo de presidente do sanatorio "Casa de Galicia", unha sociedade médica que acollía a máis de 10.000 socios.

No sector industrial tivemos dous irmáns *Marcelino e Federico*, para todos máis coñecidos como "Vos do Outeiro".Foron fundadores e provedores da marca de café "San Pablo" en Uruguai.

Francisco Rodríguez dedicouse igualmente ao comercio de café. San Francisco era a súa marca.

Tamén tivemos a súa achega á vida social de Montevideo, *Joaquín López Rodríguez*, que foi un excelente coctelero no mellor hotel de Montevideo, sendo a miúdo obxecto e obxectivo de diarios e revistas que reflectían o glamour dos anos 40 en Montevideo.

Todos os datos que aquí se refire asegúrovos que son fiables , pois ou ben os vivín , ou ben teño noticias de primeira man. Posto que eu tamén formei parte da emigración a Uruguai , podería contar mil e unha historias e aquí estou disposto a transmitilas para que non se perdan.



Índice

<i>Presentación</i>	3	<i>Carlos Silva Mariño</i>	48
<i>Limiar</i>	5	<i>Aldan López Dacosta</i>	50
Fotografías e textos		<i>M^a José Misa Domínguez</i>	52
<i>Ignacio Castelo Zamorano</i>	6	<i>Marita Dominguez Cotovad</i>	54
<i>Jorge Rodríguez Pumar</i>	8	<i>Irene Martínez Domínguez</i>	56
<i>Debora Pérez Rodríguez</i>	10	<i>Bienvenido Besada Carro</i>	58
<i>Alvaro Lores Frade</i>	12	<i>Vanesa Seoane Amorín</i>	60
<i>Chaveli Pérez Martínez</i>	14	<i>Carmen Rodríguez “A Cuca”</i>	62
<i>Bernardo Rguez e Candita Freiría</i>	16	<i>Pilar Marquez Lorenzo</i>	64
<i>Brais e Aron Misa</i>	18	<i>Manuela Rodríguez Pumar</i>	66
<i>Manolo Domínguez</i>	20	<i>Manolo Cambra Rodríguez</i>	68
<i>Ana Bringas López</i>	22	<i>Amorin e Alfonso</i>	70
<i>Xurxo Martínez Gómez</i>	24	<i>Diego Bea Besada</i>	72
<i>Tino Fontán e Auri</i>	26	<i>Manuel Janeiro</i>	74
<i>Sara e Eva Correa Fontán</i>	28	<i>Severino Bea Toyos</i>	76
<i>Geles Rodríguez Pumar</i>	30	<i>Juan José Castro Paz</i>	78
<i>Mónica Gómez Misa</i>	32	<i>Jose Correa Sobrido</i>	80
<i>Aurora Pérez Lorenzo</i>	34	<i>Antia Chamorro Misa</i>	82
<i>Carmen Costas e Margarita Misa</i>	36	<i>Alfonso Loureiro Costas</i>	84
<i>Xavier Gómez Guinovart</i>	38	<i>Genoveva Cerzón Domínguez</i>	86
<i>Rodrigo Varela Rodríguez</i>	40	<i>M^aDigna Misa Domínguez</i>	88
<i>Alfredo López Fernández</i>	42	<i>Marta Dacosta Alonso</i>	90
<i>Fernando Cerezo García</i>	44	<i>M^a José Freiría Iglesias</i>	92
<i>Laurentina e Dolores Gesteira</i>	46	<i>Emilia Carro Amorín</i>	94

Índice

Textos Completos

<i>Fernando Cerezo García</i>	96
<i>Juan José Castro Paz</i>	98
<i>Alfredo López Fernández</i>	100
<i>Aurora Pérez Lorenzo</i>	102
<i>Jose Correa Sobrido</i>	105
<i>Mónica Gómez Misa</i>	107
<i>Alfonso Loureiro Costas</i>	109

Agradecemos pola aportación fotográfica:

Adelina Rodríguez Freiría, Manuel Domínguez Domínguez, Graciela Domínguez Cambra, Familia Bravo, Familia Xesteira, Irene Martínez Domínguez, Miguel Fontán, Genoveva Cerzón, Aurora Pérez, Chaveli Pérez Martínez e Familia Misa.